



## Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15026807  
**CENTRO:** IES Félix Muriel - Rianxo - A Coruña  
**PROGRAMA:** Polos Creativos  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

### A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

## Breve descrición do proxecto (prestarase especial atención á vinculación ordinaria,

### I.- Descrición xeral do proxecto

Que é *¿Ao xeito¿*: Un proxecto interdisciplinar arredor do mar que nace da propia natureza de Rianxo como vila mariñeira e que busca converter o IES Félix Muriel de Rianxo na primeira Escola Azul Europea (European Blue School) de Galicia. A inserción neste programa, promovido pola Comisión Europea, co fin de *¿crear conciencia e un sentimento de responsabilidade polo noso océano (alfabetización oceánica)¿*; permitirá desenvolver unha intervención activa na contorna a través de todas as materias, niveis e grupos de traballo

Por que é preciso desenvolver este proxecto: Con *¿Ao xeito¿* procuraremos acadar os seguintes obxectivos que consideramos básicos para o correcto desenvolvemento dos procesos de ensinanza aprendizaxe que marcan as liñas do modelo educativo do centro.

-Mellorar a relación coa contorna natural e social a través da concienciación do alumnado; favorecer a innovación xerando alianzas coa contorna socioeconómica, o emprendemento e a acción social con repercusión na comunidade e a cooperación con axentes alleos ao centro que poderán participar como colaboradores (partners), transmisores ou receptores de coñecementos e accións didácticas desenvoltas polo alumnado

Entidades locais públicas: Concello de Rianxo

Entidades locais privadas: empresas da contorna (D-due)

Entidades educativas ou científicas: Museo do Mar de Rianxo, Instituto Cretus, GCiencia, Sociedade Galega de Historia natural

Comunidade e veciñanza de Rianxo: Mulleres salgadas

-Desenvolver o noso ecosistema educativo dixital para acadar unha verdadeira transformación dixital que permita cumprir cos novos obxectivos do Plan Dixital de Centro

-Fortalecer o desenvolvemento das competencias clave do alumnado con especial atención á competencia dixital e á competencia persoal, social e de aprender a aprender

-Favorecer o desenvolvemento de novas estratexias didácticas e metodoloxías educativas activas, baseadas na aprendizaxe por proxectos e de aprendizaxe-servizo, fomentando a investigación, a experimentación, o debate, a colaboración, a produción, e a presentación de resultados

Integrar ao centro no proxecto europeo Escolas Azuis Europeas promovido pola Comisión Europea facilitando a transmisión de coñecementos e compartindo experiencias educativas con outras comunidades

-Vehiculizar o proxecto a través da lingua galega en todas as súas funcións para conseguir a normalización do noso idioma no ámbito científico, tecnolóxico e humanístico. A función internacional desenvolverase a través das catro linguas oficiais da UE que se estudan no centro castelán, francés, inglés e portugués

Como imos logralo: A través de accións didácticas que permitan unha aprendizaxe baseada na retroalimentación dos coñecementos dende unha perspectiva ecosocial, ecolingüística, ecolóxica e ecofeminista, baseada na aprendizaxe mixta, coeducativa e entre iguais que teñan á vez impacto e repercusión na contorna natural e na comunidade

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15026807  
**CENTRO:** IES Félix Muriel - Rianxo - A Coruña  
**PROGRAMA:** Polos Creativos  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

### O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

- Traballando con *¿xeito¿* e ao *¿xeito¿* da comunidade educativa do IES Félix Muriel na procura dunha intervención contra a perda de produtividade da ría de Arousa e da inqueda que esta situación esperta
- Creando un nodo de relacións mediante a organización das accións didácticas e a creación de produtos ou servizos a través de áreas (Cultura, Comunidade, Economía, Paisaxe) favorecendo as intervencións de carácter multidisciplinar
- Traballando en concordancia co currículo nas disciplinas en que se van desenvolver. Incluíndo o proceso de avaliación e cualificación do noso alumnado.
- Integrando os proxectos xa activos no centro (Biblioteca, EDLG, Erasmus+, Igualdade, Monte Vivo, TIL)
- Concretando as accións didácticas e produtos que se van desenvolver
- Tirando proveito dos espazos do centro [aulas de clase, aulas específicas (informática, laboratorios, etc.), Biblioteca, Dinamización, patio e zonas verdes, Polo creativo, etc.] e doutras localizacións externas (praias, lonxa, museos¿)

### II.- Posibles espazos que se van utilizar

Partimos da potenciación do uso do Polo Creativo, as aulas de tecnoloxía e os espazos do centro que permiten dinámicas colaborativas (aula multiusos, biblioteca, EDLG, aulas E-Dixgal¿) ademais das aulas-materia (educación plástica, laboratorios, música), das aulas de referencia dos grupos e dos patios e zonas verdes.

Consideramos a posibilidade de realizar accións educativas en espazos externos, tanto en edificacións (lonxa, estaleiros, empresas¿) como en espazos naturais (ríos, praias¿).

### III.- Proposta de organización e actividades

- Un mar de vivencias (igualdade, emigración, historia, naufraxios)  
Crear un espazo de RV con Roundme e Coespaces. Conciencia sobre a relación do mar con epidemias futuras. Nivel: 3º ESO. 2ª e 3ª Avaliación. Departamento de Xª e Hª (Bioloxía, Física e Química, Lingua Galega, Tecnoloxía).  
Mulleres e o mar. nivel: 2º ESO.
- Un mar de traballo (economía, avances tecnolóxicos e mar)  
Proxecto Relevo. Nivel 3º ESO. Departamento de Xª e Hª  
Publicidade con Chroma Key cos accesorios de moda ou complementos creados polo alumando.  
Xeografía 3º ESO. Departamento de Xª e Hª (Lingua Galega, Tecnoloxía e EDNL)
- Ao mar con Arquímedes. Deseño e análise de tipos de embarcacións. Física e química 4º ESO.
- Un mar de vida (bioloxía, ecoloxía, xeoloxía, plásticos, recollida de lixo, fonte de enerxía, fonte de alimentación, etc.)  
Prototipo de sistema de aproveitamento da enerxía do mar. Nivel: 2º ESO. Departamentos: Tecnoloxía e Física e Química.
- Deseño e produción de contido dun mar de plásticos. Departamentos: Física e Química e Lingua castelá e literatura.
- Estudio da acidez do noso mar, repercusión nos ecosistemas mariños. Nivel:4º ES. Física e Química.  
*¿Et si on pouvait changer notre petite planète¿*. Comparar o Atlántico que baña a Francia - Galicia  
Produto: Achega de posibles cambios que os galos xa realizaron ¿ou non-, aplicados a realidade do alumnado que poderían mellorar a súa relación co océano. Nivel 1º , 2º ESO e 3º ESO
- Un mar de cultura (artes, moda, lingua e literatura)  
Deseño e produción dun soporte para un dicionario visual galego con correspondencias noutros idiomas con App Inventor. NIVEL: 3º ESO. Departamentos: Tecnoloxía, EDLG, todos os departamentos de linguas e todos os outros departamentos que desexen colaborar.
- Deseño e produción do contido do dicionario visual galego multilingüe. Departamentos: EDLG e todos os departamentos e niveis que desexen colaborar.
- Deseño e produción dun accesorio ou complemento de moda no que se empregue material recollido na praia ou se reutilice algunha arte de pesca en desuso. Nivel: 1º ESO. Departamentos: Tecnoloxía.
- Chatbot con preguntas frecuentes relacionadas co mar (praias, lonxa, capturas, artes de pesca, bateas, embarcacións¿). Nivel: 3º ESO. Departamentos: Tecnoloxía, Departamentos de Linguas, Xª e Historia.
- Coordenadas Literarias, gamificación a través de creacións literarias, cartografía e coordenadas

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15026807  
**CENTRO:** IES Félix Muriel - Rianxo - A Coruña  
**PROGRAMA:** Polos Creativos  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

**O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:**

xeográficas. Nivel: 3º ESO. 1ª Avaliación. Departamento de Xª e Hª.  
Cine e Mar ¿ María Solinha de Ignacio Vilar Aturuxo filmes. Nivel: 3º ESO. Departamento de Xeografía e Historia.  
Exposición real e virtual con RA e VR, da presenza do mar nas diferentes artes cunha visión galega e universal. Nivel: 3º ESO. Departamentos: Clásicas, Lingua Galega e Literatura e Biblioteca.  
-O inglés que veu coa marea. Serie de podcast para a radio Rianxo Fala. Testemuños que illustren a introdución de expresións inglesas na paisaxe lingüística da nosa costa Departamento de Inglés.  
Deseño e contido lexicográfico do mundo do mar. Nivel: 2º ESO. Departamentos: Lingua e literatura castelá.  
Creacións literarias con presenza do mar. Nivel: 2º e 4º ESO. Departamentos: Lingua castelá e literatura.  
Duración: todo o curso.  
¿Toute La France¿: Viaxe virtual polo hexágono e as súas diferentes colectividade ultramarinas ¿patrimonio dos grandes espazos marítimos (UNESCO)-. Departamento de Francés. Nivel 1º, 2º e 3º ESO  
- Un mar de futuro (as nosas propostas)  
Deseño e produción de infografía relacionadas co proxecto desenvolvido, dende a recollida de lixo mariño ata a creación do produto final. Nivel: 1º ESO. Departamentos: Tecnoloxía e Ámbito Lingüístico.  
Deseño e produción dun sistema acuático de monitorización ou toma de datos con aplicacións na pesca ou na acuicultura. Nivel 4º ESO. Departamentos: Tecnoloxía  
¿Metaverso¿ de RV con Coespaces. Concienciación social da relación Mar - Pandemias  
Diccionario visual galego multilingüe

## IV.- Alumnado ao cal vai destinado

A proposta deseñase pensando en todo o alumnado do centro como destinatario a través de tres liñas de aplicación:

- Os niveis de 1.º e 3.º de ESO, por ser aqueles en que concorren no vindeiro curso dunha banda a aplicación do novo marco normativo e curricular, e doutra a implantación neles do programa E-Dixgal.
- A integración das propostas achegadas dende outros proxectos do centro e do alumnado que neles participa.
- A participación doutros niveis e cursos de ESO, Bacharelato e Formación Profesional segundo as propostas educativas do profesorado que neles imparta docencia.

## V.- Temporalización das actividades

O profesorado poderá deseñar as súas propostas coas seguintes disposicións temporais:

1. Trimestral (para aquelas que abranguen todo ou parte do trimestre)
2. Inter trimestral (para aquelas que se prolongan máis aló de todo ou parte dun trimestre)
3. Anual
4. Bianual

Prazo de desenvolvemento das accións didácticas do proxecto

1. Curso 2022-2023

Coordenadas literarias. 1ª Avaliación  
Espazo RV. 2ª e 3ª Avaliación  
Proxecto Relevo. 1ª e 2ª Avaliación  
Publicidade Chroma Key. 2ª Avaliación  
Cine e mar, Maria Solinha, Vialactea filmes. 1ª Avaliación  
¿Inglés que veu ca marea¿. Todo o curso  
Proxecto lexicográfico: 2ª avaliación.  
Lírica e o mar: todo o curso.  
Mulleres e o mar: 1ª avaliación.  
Un mar de plásticos: 3ª avaliación.  
Ao mar con Arquímedes: 3ª avaliación  
Estudio da acidez do noso mar: 1ª avaliación.  
Et si on pouvait changer notre petite planète. 2ª Avaliación

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15026807  
**CENTRO:** IES Félix Muriel - Rianxo - A Coruña  
**PROGRAMA:** Polos Creativos  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

**O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:**

Toute La France: Viaxe virtual polo hexágono e as súas diferentes colectividades. 1ª Avaliación  
Diseño e contido lexicográfico do mundo do mar. 2º Avaliación  
Creacións literarias con presenza do mar. Todo o curso.

2. Curso 2023-2024

No segundo ano afondaremos nas liñas que máis aproveitamento da dotación presenten, actualizaremos aquelas que o precisen e abordaremos novas propostas que podan ir xurdindo

## VI.- Número de profesorado implicado

12

## Análise DAFO que o proxecto supón para o fomento das competencias clave e

### I.-Breve análise das debilidades

Persoal docente

Escaseza de tempo para a formación e creación de contidos dixitais

Escaseza de espazos para o debate sobre o uso das TIC

Resultados no test CDD (Competencia Dixital Docente), por debaixo da media galega

Baixo nivel de autoconfianza no emprego de tecnoloxías dixitais no desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe

Alumnado

Emprego escaso de ferramentas dixitais para a creación de contidos

Competencias dixitais baixas (segundo o profesorado no test SELFIE)

Organización de Centro

Asistencia técnica deficiente que non permite resolver os problemas co equipamento e uso de dispositivos dixitais

Ausencia de persoa que se encargue da coordinación TIC

Infraestruturas

3 Aulas específicas con dotación informática insuficiente para ratio de 25 alumnos/aula

Equipos obsoletos, cableados de aula deficiente e con problemas de seguridade

### II.-Breve análise das fortalezas

Persoal docente

Claustro dinámico e participativo disposto, na súa maioría, a adoptar metodoloxías activas no desenvolvemento das súas materias.

12 departamentos aprobaron a participación do centro no programa E-Dixgal

Participación do profesorado nos plans de Formación TIC

Alta experiencia na participación en proxectos interdisciplinares (Biblioteca, EDLG, Erasmus+, Monte Vivo, Rede DixitalGal, TIL)

Participación no proxecto de profesorado premiado por proxectos de innovación como Pilar Ponte creadora do programa ¿21 días co galego e +¿.

Persoal non docente

Participación en proxectos interdisciplinares, Equipo de Mediación e Equipo de Igualdade

Alumnado

Alta participación en proxectos interdisciplinares (Biblioteca, EDLG, Erasmus+, Monte Vivo, Rede DixitalGal, TIL)

Conta con correo corporativo do centro propio e individualizado

Alta percepción das súas propias competencias dixitais

Cofece as posibilidades de emprego dos dispositivos móbiles para o proceso de ensino-aprendizaxe e a comunicación entre pares e co profesorado

Pode facer uso dos dispositivos móbiles con carácter educativo baixo autorización do profesorado

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15026807  
**CENTRO:** IES Félix Muriel - Rianxo - A Coruña  
**PROGRAMA:** Polos Creativos  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

**O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:**

Considera ter autonomía na resolución de problemas a través da información de Internet  
Familias  
Partidarias da actualización da dixitalización e dos procesos de ensino-aprendizaxe no centro  
Oferta  
Centro Erasmus+  
Organización de Centro  
Integración na Rede DixitalGal  
Plans de formación do centro que fomentan a participación e formación do profesorado en contextos dixitais  
Promoción das novas modalidades de ensino (solicitud de participación no programa E-Dixgal, Proxectos Interdisciplinares e Rede DixitalGal)  
Participación de empresas e entidades externas non educativas nos procesos de ensino-aprendizaxe  
Profesorado e alumnado contan con conta corporativa propia do centro  
Emprego da web do centro como espazo preferente para a comunicación dixital do centro  
Fomento do emprego de redes sociais como canles de comunicación e información a través dos proxectos de centro Biblioteca, EDLG, Erasmus+.  
Infraestruturas  
O centro conta con acceso a Internet (600mb)  
Aulas dotadas de equipamento dixital (PC e EDI)  
Todas as aulas teñen acceso a Internet  
Grupos de formación profesional con dotación dixital propia

## III .-Breve análise das oportunidades

ANPA  
Partidaria da actualización da dixitalización do centro así como dos procesos de ensino-aprendizaxe  
Estreita colaboración nas actividades extraescolares nas que participa de maneira activa  
Lexislación  
Fomento de novas estratexias educativas favorecedoras de metodoloxías innovadoras e dos procesos de dixitalización  
Administración educativa  
Acceder á solicitud do centro na participación do programa EDIXGAL  
Oferta de formación a través dos plans de formación para o profesorado e fomento dos plans de formación de centro  
Financiamento a través de proxectos interdisciplinares (Plan Proxecta)  
Fomento de metodoloxías de innovación educativa (Plan Proxecta, Edixgal)  
Outras entidades  
Colaboración permanente con entidades municipais e extramunicipais públicas e privadas no desenvolvemento de proxectos educativos como en actividades extraescolares  
Estreita colaboración coa administración municipal en diferentes proxectos educativos  
Colaboración de entidades privadas en proxectos educativos interdisciplinares

## IV .-Breve análise das ameazas

Lexislación  
Cambios continuos na lexislación  
Descoñecemento dos usos responsables das TIC por parte do profesorado e do alumnado  
Descoñecemento das vantaxes e inconvenientes da normativa sobre dereitos de autoría  
Descoñecemento entre o alumnado da Lei de Protección de Datos  
Uso incorrecto das TIC por parte do profesorado en relación á LPD  
Administración educativa  
Elevada ratio alumnado/aula que dificulta a atención individualizada  
Falta de axilidade na resolución de problemas asociados ás infraestruturas e ao equipamento dixital

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15026807  
**CENTRO:** IES Félix Muriel - Rianxo - A Coruña  
**PROGRAMA:** Polos Creativos  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

### Valoración de necesidades tendo en conta a dispoñibilidade de equipamento recollido

#### Valoración de necesidades tendo en conta a dispoñibilidade de equipamento recollido neste programa

1. Mobiliario: mesas abatibles e portátiles, cadeiras lixeiras e apilables de fácil limpeza, mesas poligonais e para traballo en grupo, tallos, cadeiras con rodas, encerado, andeis e armarios metálicos, armarios con portas e caixóns, asentos modulares e de colchoneta, gradas, bancos de traballo e carros de carga, etc.

O que imos facer:

- Equipamento de utilización xeral

2. Audiovisual, fotografía e RV: cámaras de fotografía e vídeo, trípodes, sistemas de gravación de audio e radio, soportes para tabletas, cromas, equipamento de iluminación, gimbals, gafas de RV, etc.

O que imos facer:

- Programas de radio

- Videocreacións, produtos audiovisuais

- Exposicións fotográficas (de natureza, de moda, etc.)

- Exposicións virtuais / Creación de espazos inmersivos multisensoriais (mariños?)

- Caixa de area - como nace a nosa ría

- Gamificación

- Divulgación dos proxectos

3. Electrónica e robótica: kits de electrónica básicos e avanzados para diferentes idades, robots de chan e programables, placas tipo microbit e RaspberryPi, microcontroladores, sensores, actuadores, sistemas IoT, domótica, circuitos de papel, kits de simulación de teclado e rato, etc.

O que imos facer:

- Estacións meteorolóxicas

- Estacións de recollida de datos mediante sensores

- Robots exploradores

- Robots asistenciais

4. Tecnoloxía: ferramenta manual, sistemas de aspiración, placas de indución, taladros e brocas, pistolas de aire quente e de pegamento termofusible, EPIs, tesoiras, lixadoras, caladoras, etc.

O que imos facer:

- Prototipos e maquetas

- Estruturas

- Mecanismos

5. Fabricación, construción e téxtil: plotters de corte, plastificadoras, máquinas de chapas, CNC, impresión 3D, kit de e-téxtiles ou wearables, xogos de construción de pezas encaixables (básicos, en madeira ou magnéticos), máquina de coser.

O que imos facer:

- Elaboración de pezas de roupa (camisetas) e complementos (bolsas, panos, colares, pendentes, broches, chapas, etc.) con deseños de animais e vexetais mariños, de lemas ecoloxistas, léxico do mar, etc.

- Estampación de pezas de roupa e complementos así como materiais de papelería reciclable.

- Elaboración de e-textiles e wearables pensados para un servizo á comunidade (p.ex. relacionados coa mellora da sinalización nocturna, que guíen unha persoa por unha visita do litoral, etc.)

- Impresións en 3D e CNC de deseños realizados polo alumnado

6. Informática: monitores, ordenadores, taboleiros interactivos, impresoras multifunción, tabletas, escáner 3D, etc.

O que imos facer:

- Tratamento e elaboración dos produtos dixitais en xeral.

- Modelado 3D

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15026807  
**CENTRO:** IES Félix Muriel - Rianxo - A Coruña  
**PROGRAMA:** Polos Creativos  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s: